

## PALABRA DE VIDA

Decembro 2024

### «Nada é imposible para Deus» (Lc 1, 37).

No relato da Anunciación, o anxo Gabriel visita a María de Nazaret para darlle a coñecer os plans de Deus sobre ela: concibirá e dará a luz un fillo, Xesús, que «será grande e será chamado Fillo do Altísimo» (Lc 1, 32). Este episodio segue o ronsel doutros eventos do Antigo Testamento que levaron a mulleres estériles ou moi anciás a nacementos prodixiosos, cuos fillos haberían de desenvolver unha tarefa importante na historia da salvación. Aquí, aínda que María quere adherirse con plena liberdade á misión de converterse na nai do Mesías, pregúntase como poderá suceder, sendo ela virxe. Gabriel garántelle que non será obra de home: «O Espírito Santo virá sobre ti e o poder do Altísimo cubrirache coa súa sombra» (Lc 1, 35). E engade:

### «Nada é imposible para Deus».

Esta certeza, que significa que ningunha declaración ou promesa de Deus quedará incumplida –pois non hai nada imposible para El–, pódese formular tamén deste xeito: nada é imposible con Deus. De feito o matiz do texto grego –con, ou preto de ou xunto a– ilu–mina o seu estar preto do home. É ao ser humano ou aos seres humanos, cando están xunto a Deus e libremente adhírense a El, aos que nada lles é imposible.

### «Nada é imposible para Deus».

Como poñer en práctica esta palabra de vida? Ante todo, crendo con gran confianza que Deus pode actuar incluso dentro e máis aló das nosas limitacións e debilidades, así como nas condicións máis escuras da vida.

Esa foi a experiencia de Dietrich Bonhoeffer, que, durante a reclusión que o levaría ao suplicio, escribe: «Debemos mergullarnos unha e outra vez no vivir, falar, actuar, sufrir e morrer de Xesús para recoñecer o que Deus promete e cumpre. É certo [...] que para nós xa non hai nada imposible, porque nada hai imposible para Deus; [...] é certo que non debemos pretender nada e que con todo podemos pedilo todo; é certo que no sufrimento ocúltase a nosa alegría e na morte a nosa vida... A todo isto Deus dixo si e amén en Cristo. Este si e este amén son o terreo firme no que nos mantemos»<sup>1</sup>.

### «Nada é imposible para Deus».

Cando tratamos de superar a aparente «imposibilidade» da nosa insuficiencia para alcanzar a «posibilidade» dunha vida coherente, cumpre un papel determinante a dimensión comunitaria, que se desenvolve alí onde os discípulos viven entre eles o mandamento novo de Xesús e así se deixan habitar, cada un e todos xuntos, polo poder de Cristo resucitado.

---

<sup>1</sup> D. Bonhoeffer, *Resistencia e resa*, San Paolo, Cinisello Balsamo 1988, p. 474. Dietrich Bonhoeffer (1906–1945) foi un teólogo alemán e pastor luterano, protagonista da resistencia ao nazismo.

Escribía Chiara Lubich en 1948 a un grupo de mozos relixiosos: «E adiante! Non coa nosa forza, miserable e débil, senón coa omnipotencia da Unidade. Constatei, palpei, que Deus entre nós realiza o imposible: o milagre! Se permanecemos fieis á nosa divisa [...] o mundo verá a Unidade e, con ela, a plenitude do Reino de Deus»<sup>2</sup>.

Hai anos, cando estaba en África, moitas veces atopábame con mozas que querían vivir como cristiáns e falábanme das moitas dificultades que atopaban cada día na súa contorna para permanecer fieis aos compromisos da fe e ás ensinanzas do Evanxeo. Falabamos diso durante horas, e ao final sempre chegaban á mesma conclusión: «Sós é imposible, pero xuntos podemos». Garánteo o propio Xesús cando promete: «Onde están dous ou tres reunidos no meu nome (no meu amor), aí estou eu no medio deles» (Mt 18, 20). E con el todo é posible.

*Augusto Parody Reyes e o equipo da Palabra de Vida*

---

<sup>2</sup> C. Lubich, *El primer amor. Cartas de los inicios (1943-1949)*, Ciudad Nueva, Madrid 2018, 180.